

Resolución do Presidente do Parlamento para a incorporación de persoas como asesores do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade.

O Tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar por oposición libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, nomeado por Resolución desta Presidencia do 12 de novembro de 2024 (BOPG nº 115, do 13 de novembro de 2024), na súa reunión do 13 de decembro de 2024, formulou a necesidade de contar cun asesor xurídico para a primeira proba do proceso, e cun asesor lingüístico para as tres probas que conforman este proceso selectivo, polo que segundo o establecido no ROFPG e nas bases aprobadas pola Mesa do Parlamento en sesión do 9/04/2024 (BOPG nº 15, do 22/04/2024)

RESOLVO :

1º.- Nomear a Don Xulio Cesar Sousa Fernández da USC como asesor lingüístico e a Don Carlos Alberto Gómez Otero da USC como asesor xurídico do Tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade.

2º.- Comunicarlle esta resolución aos interesados, á Intervención e á presidenta do tribunal.

Santiago de Compostela, a 17 de decembro de 2024